

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 9 DE FEBREIRO DE 2021

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día nove de febreiro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Councilbox, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 28 de xaneiro de 2021, da sesión ordinaria do día 2 de febreiro de 2021 e da sesión extraordinaria e urxente do día 4 de febreiro de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 28 de xaneiro de 2021, á sesión ordinaria do día 2 de febreiro de 2021 e á sesión extraordinaria e urxente do día 4 de febreiro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros que asistiron ás citadas sesións e que de seguido se relacionan, aprobou os borradores:

- sete membros na sesión extraordinaria e urxente do día 28 de xaneiro de 2021 (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei)
- os oito membros que compoñen a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do día 2 de febreiro de 2021
- sete membros na sesión extraordinaria e urxente do día 28 de xaneiro de 2021 (don Óscar A. García Patiño, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei)

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 31 de decembro de 2020, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da

Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR353B). (Diario Oficial de Galicia número 21, do 2 de febreiro de 2021).

- Resolución do 21 de xaneiro de 2021, da Consellería de Política Social, pola que se aproba o Plan de inspección de servizos sociais de Galicia para o ano 2021 e a avaliación do ano 2020. (Diario Oficial de Galicia número 21, do 2 de febreiro de 2021).

- Resolución do 15 de xaneiro de 2021, da Axencia de Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopen no Camiño de Santiago, e se establece a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TU501D). (Diario Oficial de Galicia número 23, do 4 de febreiro de 2021).

- Orde do 19 de xaneiro de 2021, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2021 das axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede de reservas da biosfera de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MT724A). (Diario Oficial de Galicia número 24, do 5 de febreiro de 2021).

- Anuncio do Consorcio As Mariñas de aprobación definitiva do orzamento xeral do ano 2021. (Boletín Oficial da Provincia número 25, do 8 de febreiro de 2021).

- Resolución do 26 de xaneiro de 2021, da Axencia de Turismo de Galicia, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Resolución do 19 de novembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a proxectos de promoción e dinamización do Xacobeo 2021 dentro do programa *O teu Xacobeo*, e se procede a súa convocatoria para os anos 2020 e 2021 (código de procedemento TU300A). (Diario Oficial de Galicia número 26, do 9 de febreiro de 2021). Consta unha subvención ao Concello de Cambre para o proxecto "Camiño da Arte", por importe de 22.500,00 euros.

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 29 de xaneiro ao día 4 de febreiro do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude número 116/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 158/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
116/2021	29-01-2021	Comunicación á empresa Hebe Sport SL do peche do complexo deportivo municipal da Barcala.
117/2021	29-01-2021	Comunicación previa de obras de acondicionamento de local sito na praza de Manuel Lugo, O Temple, Cambre
118/2021	29-01-2021	Expediente sancionador pola execución de obras sen licenza en Mosteiro, (Bribes)
119/2021	29-01-2021	Licenza de segregación para regularización do viario na parcelación con referencia catastral 236XXXXX para realización dunha senda peonil



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

120/2021	29-01-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de movementos de terras nunha parcela sita en Altamira, Anceis, sen título habilitante. Propiedade: J.F.P.M.
121/2021	29-01-2021	Licenza para segregación de finca sita no lugar de Igrexa-Cela de 3.100 m ² unha parcela de 337 m ² , co fin de cedela ao Concello para destinala a senda peonil
122/2021	29-01-2021	Licenza de primeira ocupación para vivenda sita en Igrexa - Cela. Expediente nº 01/83/03
123/2021	29-01-2021	Licenza de primeira ocupación para dúas vivendas sitas na rúa Amil – Cambre
124/2021	29-01-2021	Licenza para construción dunha vivenda unifamiliar, piscina e cerramento no lugar de Cela
125/2021	29-01-2021	Expediente sancionador a B.D.H.R. por ruídos no seu domicilio sito na Tapia (O Temple), en virtude de denuncia da Garda Civil
126/2021	29-01-2021	Aprobación da liquidación do IVE do cuarto trimestre de 2020 e o seu pagamento.
127/2021	29-01-2021	Resolución alcaldía aprobación nómina xaneiro 2021
128/2021	29-01-2021	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de decembro de 2020, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de xaneiro de 2021.
129/2021	29-01-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de febreiro de 2021
130/2021	29-01-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal do día 1 de febreiro de 2021
131/2021	01-02-2021	Concesión axuda recibos de aluguer por importe total de 1600 euros a E.V.H.R.
132/2021	30-01-2021	Resolución nomeamento interino axente de protección civil
133/2021	01-02-2021	Corrección de erros da Resolución de Alcaldía núm.128/2021 de data 29/01/2021, de aprobación da seguridade social de decembro de 2020 e descontos de nómina de xaneiro de 2021
134/2021	01-02-2021	Subvención Deputación mantemento do posto de técnico de Cultura
135/2021	01-02-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentación a I.P.R. por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
136/2021	01-02-2021	Resolución que aproba a lista provisional de admitidos/as excluídos/as ao Concurso para a creación de relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión económico-financieira interinos.
137/2021	01-02-2021	Canon de saneamento XUNTA de Galicia 1º , 2º e 3º cuadrimestre 2020
138/2021	02-02-2021	Reposición legalidade urbanística A .R. S.L. pola colocación de banderolas publicitarias sen comunicación previa de obras no lugar de Castrobó (Anceis), e polo exercicio de actividade de depósito de vehículos para a venda.
139/2021	02-02-2021	Reposición legalidade urbanística por actos consistentes na substitución do revestimento da cuberta en vivenda unifamiliar, sen título habilitante, no Corgo, Brexo. Propiedade: F.J.P.I. e M.C.C.I.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

140/2021	03-02-2021	Pago facturas con desconto de abonos e outros
141/2021	03-02-2021	Expediente compensación de débedas. Compensación de débedas de G.N.S. S.A (actualmente C.R.G.&P,S.A.), derivadas do procedemento sancionador PS. 203.3/2019
142/2021	03-02-2021	Acordo de inicio – Multas tráfico
143/2021	03-02-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentación a D.K.V. por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
144/2021	04-02-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 31.915,14 euros
145/2021	04-02-2021	Denegación axuda emerxencia social alimentos M.B.I.P.
146/2021	04-02-2021	Denegación axuda emerxencia social recibo auga M.B.I.P.
147/2021	04-02-2021	Reposición legalidade urbanística a UFD D.E. S.A. pola execución dunha canalización para acometida eléctrica en vivenda unifamiliar sita en Roncesvalles, Brexo.
148/2021	04-02-2021	Aprobación de pagamentos e ordenación de pagos facturas EMALCSA
149/2021	04-02-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 4 de febreiro de 2021
150/2021	04-02-2021	Expediente sancionador pola execución de talla en parcela sita en Altamira, parroquia de Anceis, referencia catastral 15017xxxx. Propiedade de Hdros de M.C.H.V.
151/2021	04-02-2021	Reposición legalidade urbanística por substitución do revestimento da cuberta, sen título habilitante, en Riveiriña, Bribes, parcela con referencia catastral 6518xxx. Propiedade: S.S.B.
152/2021	04-02-2021	Resolución pago produtividade 4º trimestre 2020
153/2021	04-02-2021	Expediente sancionador a Y.S.L. polo exercicio de actividade en baixo sito na rúa Pablo Manzano, Cambre
154/2021	04-02-2021	Aprobación de levantamento de reparos concesión dos premios do XII concurso de escaparates 2020/2021
155/2021	04-02-2021	Estimación recurso de reposición de M.M.A.C. interposto por denegación subvención Consolida Cambre 2020
156/2021	04-02-2021	Adxudicación da subministración de 4.000 unidades de mascarillas FFP2 para protección do persoal do Concello de Cambre fronte á Covid 19 á entidade Gerimedical, S.L., no prezo ofertado de 1.560,00 € sen IVE, 1.887,60 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000008
157/2021	04-02-2021	Resolución que aproba lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as do concurso creación relación de candidatos para nomeamentos de técnicos/as de xestión económico- financeira interinos.
158/2021	04-02-2021	Resolución ampliación excedencia e redución xornada garda legal M.F.V.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adxudicación do contrato para subscrición dunha Póliza de seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación Municipal, a prol do licitador "VidaCaixa SAU de Seguros y Reaseguros" no importe da prima anual ofertado de 13.591,72 euros (exento de IVE). Expediente número 2020/C006/000007
- Proposta de adxudicación do contrato para a subscrición dunha Póliza de seguro de danos para bens mobles e inmobles do Concello de Cambre a prol do licitador "Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros" no importe da prima anual ofertado de 34.000,00 euros (exento de IVE). Expediente número 2020/C006/000008
- Proposta de adxudicación do servizo de Asesoramento en materia de ciclo integral da auga a prol do licitador "PW Advisory & Capital Services, SL", no prezo total ofertado de 49.594,29 euros sen IVE, 60.009,10 euros IVE incluído. Expediente número 2020/C004/000028

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de adxudicación do contrato para subscrición dunha Póliza de seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación Municipal, a prol do licitador "VidaCaixa SAU de Seguros y Reaseguros" no importe da prima anual ofertado de 13.591,72 euros (exento de IVE). Expediente número 2020/C006/000007

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de febreiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C006/000007 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, dunha "Póliza de seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación Municipal", cun orzamento base de licitación de 18.000 euros (exento de IVE), correspondente ao importe anual da prima do seguro.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na acta da Mesa de contratación de data 7 de decembro de 2020 respecto das ofertas admitidas no presente procedemento.

Visto que, con data do 7 de decembro de 2020, a Mesa de Contratación formulou proposta de adxudicación do contrato a prol da entidade "Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.", que era a que resultaba inicialmente coa maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, se ben, trala solicitude de documentación á aseguradora constatouse que dita entidade licitadora non se atopaba ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Cambre, tal e como consta nos informes emitidos polo coordinador da Área Económica do Concello de Cambre con datas do 10 e 14 de xaneiro de 2021 e máis na Acta da sesión da Mesa de Contratación do día 18 de xaneiro de 2021, polo que procede a exclusión da oferta non resultando emendable esta circunstancia tendo en conta que o incumprimento xa existía tanto no momento da presentación da oferta como no momento de formularse proposta de adxudicación, esto de conformidade co establecido nos artigos 140.1 e 71.1.d) da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

Visto que, formulada unha nova proposta de adxudicación con data 18 de xaneiro de 2021 pola Mesa de contratación a prol do licitador "VidaCaixa SAU de Seguros y Reaseguros.", no importe da prima anual ofertado de 13.591,72 euros (exento de IVE), e tendo en conta os importes e melloras ofertados por dito licitador, por ser

a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, logo do acordo de exclusión do procedemento da oferta que inicialmente resultou mellor valorada, (presentada pola entidade “Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.”), e outorgado ao licitador “VidaCaixa SAU de Seguros y Reaseguros” o o prazo de sete días hábiles para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 3 de febreiro de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 24/2021 FASE D emitido polo interventor municipal con data do 7 de febreiro actual.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 7 de decembro de 2020 declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polos licitadores que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do PCAP ao ter aportado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II de dito prego e formular a súa proposición estritamente conforme ao modelo do Anexo III:

- Allianz, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.
- VidaCaixa, S.A.U. de Seguros y Reaseguros

Segundo: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 7 de decembro de 2020, excluír do procedemento de licitación á entidade “SURNE Mutua de Seguros y Reaseguros a Prima Fija”, por non atoparse dito licitador, á data final de presentación de ofertas (25 de novembro de 2020), inscrita en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), sendo obrigatoria esta inscrición aos efectos de participar en procedementos abertos simplificados a partir do 9 de setembro de 2018 e atoparse dita obriga expresamente contemplada na cláusula 13.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aplicables ao presente contrato, en consonancia co Anexo II do referido prego no seu apartado 9 (o cal constitúe lei reguladora do contrato que os licitadores declaran coñecer e aceptar), obriga legal respecto da que non cabe decisión ningunha aos órganos de contratación e que todos os licitadores que presenten propostas a partir do 9 de setembro de 2018 deben cumprir, segundo pronunciamento de, entre outras, a Xunta Consultiva da Comunidade de Aragón no seu informe núm. 20/2018, de 3 de setembro.

Terceiro: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 7 de decembro de 2020, a seguinte valoración das ofertas admitidas, correspondente aos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, sendo estes os das ofertas económicas e demais criterios cuantificables

automaticamente, e outorgar as seguintes puntuacións totais ás dúas entidades aseguradoras admitidas na licitación:

LICITADOR	IMPORTE ANUAL DA PRIMA	AUMENTO NOS IMPORTES DO CAPITAL MÍNIMO ASEGURADO	MELLORAS COMPLEMENTARIAS	PUNTUACIÓN TOTAL
Allianz, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.	44,42	29,78	18,00	92,20
VidaCaixa, S.A.U. de Seguros y Reaseguros	50,00	19,32	10,00	79,32

Cuarto: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo e cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data 7 de decembro de 2020, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares:

Allianz, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A	92,20 puntos
VidaCaixa, S.A.U. de Seguros y Reaseguros	79,32 puntos

Quinto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 18 de xaneiro de 2018, excluír do procedemento a oferta presentada pola entidade “Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.”, e que era a que inicialmente obtiña a maior puntuación e a prol da que se efectuou inicialmente proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación, esto de conformidade co establecido nos artigos 140.1 e 71.1.d) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, por non atoparse a entidade licitadora ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Cambre, tal e como consta nos informes emitidos polo coordinador da Área Económica do Concello de Cambre con datas do 10 e 14 de xaneiro de 2021, dos que se deriva que tanto á data de presentación da oferta da entidade como á data actual, a compañía “Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.” ten obrigas de natureza tributaria pendentes de pagamento co Concello de Cambre, non resultando emendable esta circunstancia tendo en conta que o incumprimento xa existía tanto no momento da presentación da oferta como no momento de formularse proposta de adxudicación.

Toda vez que a oferta da entidade “Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.”, resultou excluída, proceder á **devolución da garantía definitiva** que presentou a entidade, mediante documento de aval bancario nº 1600/109.221 do “Banco Santander,S.A.”, por importe de 765,00 euros.

Sexto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 18 de xaneiro de 2021, posteriormente ratificado pola Mesa de Contratación con data do 5 de febreiro de 2021,adxudicar a contratación dunha Póliza de seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación Municipal (exp. 2020/C006/000007) en favor da entidade “VidaCaixa SAU de Seguros y Reaseguros”, con NIF *****3261 e enderezo en Paseo de la Castellana 51, 28046 Madrid, no importe da prima anual ofertado de 13.591,72 euros (exento de IVE), isto tendo en conta os importes e melloras ofertados por dito licitador, que se relacionan a continuación, por ser a seguinte entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, e ter presentado no prazo outorgado a documentación requirida na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público:

1º Importes ofertados

PRIMA TOTAL ANUAL	CAPITAL MÍNIMO ASEGURADO	
13.591,72 euros	Falecemento por accidente	165.000 euros
	Invalidez permanente absoluta por accidente	181.000 euros
	Invalidez permanente parcial por accidente segundo baremo en base a	181.000 euros

2º Melloras complementarias:

Elaboración de informes periciais	No
Subministración de cadeira de rodas en caso de incapacidade permanente absoluta	Si
Adaptación do domicilio ou vehículo do asegurado en caso de invalidez permanente absoluta	Si, ata un importe total de 3.000 euros
Gastos de sepelio	Si, anticipo ata un importe de 3.000 euros
Reembolso de gastos por prótese en caso de invalidez permanente absoluta	Si, ata un importe total de 1.500 euros
Ampliación de coberturas a través dos riscos incluídos e excluídos da póliza	<ul style="list-style-type: none"> - Cobertura gran invalidez: ata un importe de 181.000 euros. En ningún caso os capitais asegurados polas garantías de invalidez poderán ser acumulativos. - Garantía de orfandade total: ata un importe de 1.500 euros - Inclusión da garantía de reparación estética en caso dun accidente cuberto pola póliza que xustifique dita prestación: ata un importe de 1.500 euros - Asistencia xurídica e xestoría a beneficiarios: ata un importe de 1.500 euros - Atención psicolóxica aos fillos (menores de 18 anos ou aínda sendo maiores de dita idade, que se encontrasen en situación legal ou xudicial de invalidez) e/ou ao cónxuxe ou parella de feito, en caso falecemento del asegurado: ata un importe de 1.500 euros - Rehabilitación lesións consecuencia de sinistro cuberto: ata un importe de 1.500 euros

De conformidade co establecido no artigo 155.2.c) da LCSP e máis na cláusula 17.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares, faise constar que as vantaxes da oferta proposta como adxudicataria atópanse nos importes e melloras complementarias ofertadas.

Sétimo: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

A póliza formalizarase na data que sinala a Administración contratante, dentro do prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte ao da sinatura do contrato sinalado no parágrafo anterior.

Oitavo: De conformidade coa cláusula 19.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, designase como responsable do contrato á xefa da Unidade de Réxime Interior municipal dona Paula Villamisar Varela, a quen corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sen prexuízo do anterior, corresponde ao/á xefe/a de cada área ou sección, no seu caso, a realización dos trámites necesarios sobre comunicación e xestión dos sinistros a través da corredería, dando conta das xestións realizadas á responsable do contrato, a efectos da debida supervisión do servizo prestado e conformidade da factura. Antes do inicio do contrato se comunicará ao adxudicatario a relación de áreas e seccións, así como o persoal de contacto.

O adxudicatario estará obrigado a facer entrega na Oficina de Contratación, a través da sede electrónica, da póliza de seguro (cláusulas xerais e particulares conforme ao acordo de adxudicación e Pregos reguladores) en formato electrónico (PDF) co obxecto de dar traslado da mesma aos xefes da área ou sección e máis á responsable de contrato, isto no prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte ao da sinatura do contrato.

Noveno: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 17.3 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo: Notifíquese á responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de adxudicación do contrato para a subscripción dunha Póliza de seguro de danos para bens mobles e inmobles do Concello de Cambre a prol do licitador "Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros" no importe da prima anual ofertado de 34.000,00 euros (exento de IVE). Expediente número 2020/C006/000008

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de febreiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C006/000008 para a adxudicación, por procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, dunha “Póliza de seguro de danos para bens mobles e inmobles do Concello de Cambre”, cun orzamento base de licitación de 34.342,34 (exento de IVE).

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 13.2.c) do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na acta da mesa de contratación de data 7 de decembro de 2020 respecto da única oferta presentada no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada coa mesma data pola mesa de contratación a prol do licitador “Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros”, no importe da prima anual ofertado de 34.000,00 euros (exento de IVE), e tendo en conta os importes dos límites, sublímites e franquía ofertados por dito licitador.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de dez días hábiles para que presentase a documentación contemplada na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014; e outorgado un novo prazo de dez días hábiles segundo acordo da mesa de contratación adoptado con data 18 de xaneiro de 2021, tendo en conta que razóns técnicas debidamente constatadas impediron o acceso da entidade á Plataforma de Contratación do Sector Público para a consulta e presentación da documentación requirida; este achegou en prazo toda a documentación, acreditando a súa solvencia económica e técnica.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 2 de febreiro de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 20/2021 FASE D emitido polo interventor municipal con data do 6 de febreiro actual .

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 7 de decembro de 2020 declarar válida a licitación, admitindo nela a “Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros”, única entidade presentada no procedemento, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na cláusula 10 do PCAP ao ter aportado debidamente cuberto o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) e o documento “Outras declaracións”, e formular a súa proposición estritamente conforme ao modelo do Anexo II do prego administrativo.

Segundo: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 7 de decembro de 2020, a seguinte valoración da oferta correspondente aos criterios de adxudicación que constan na cláusula 13.2.c) do prego de cláusulas administrativas particulares, sendo estes a oferta económica e demais criterios cuantificables automaticamente, e outorgar a seguinte puntuación total á única entidade licitadora presentada e admitida, “Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros”:

Cráterios	Puntos
1. Reducción de prima	50
2. Reducción da franquía	0
3. Incremento de límites e sublímites	0
4. Melloras complementarias	0
Puntuación total	50 puntos

Terceiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas 7 de decembro de 2020 e 18 de xaneiro de 2021, posteriormente ratificado pola Mesa de Contratación con data do 5 de febreiro de 2021, adjudicar a contratación dunha "Póliza de seguro de danos para bens mobles e inmobles do Concello de Cambre" (exp. 2020/C006/000008) en favor da entidade "Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros", con NIF A480**** e enderezo en Paseo del Puerto, 48992 Getxo (Vizcaya), no importe da prima anual ofertado de 34.000,00 euros (exento de IVE), isto tendo en conta os importes ofertados por dito licitador que se relacionan a continuación, por ser a única entidade que presentou oferta, cumprir cos criterios que constan na cláusula 13.2.c) do prego de cláusulas administrativas particulares, e ter presentado no prazo outorgado a documentación requirida na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 150.2 da Lei 9/2017 de contratos do sector público:

PRIMA TOTAL ANUAL	DESGLOSE DE CONCEPTOS	
34.000,00 €	Límite de indemnización por sinistro da póliza	Segundo prego técnico
	Aumento de sublímites e límites mínimos	Non ofrece aumento
	Franquía	900 €, segundo prego técnico
	Melloras complementarias	Non ofrece

Cuarto: Por atoparnos ante un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación consonte ao artigo 44 e 153 LCSP, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adjudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcurrido este prazo sen que se interpuxese recurso que leve aparelada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adjudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

As pólizas formalizaranse na data que sinala a Administración contratante, dentro do prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte ao da sinatura do contrato sinalado no parágrafo anterior.

A formalización do contrato deberá publicarse, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a 15 días tras o perfeccionamento do contrato, no Perfil do Contratante do órgano de contratación.

Quinto: De conformidade coa cláusula 17.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, désignase como responsable do contrato á técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría-Patrimonio do Concello de Cambre, a quen corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sen prexuízo do anterior, corresponde ao/á xefe de cada área ou sección, no seu caso, a realización dos trámites necesarios sobre comunicación e xestión dos sinistros a través da correeduría, dando conta das xestións realizadas á responsable do contrato, a efectos da debida supervisión do servizo prestado e conformidade da factura.

Antes do inicio do contrato comunicárase ao adxudicatario a relación de áreas e seccións, así como o persoal de contacto.

O adxudicatario estará obrigado a facer entrega na Oficina de Contratación da póliza de seguro (cláusulas xerais e particulares conforme ao acordo de adxudicación e Pregos reguladores) en formato electrónico (PDF) no prazo dos cinco días posteriores á sinatura do contrato, co obxecto de dar traslado da mesma aos xefes de área ou sección e á responsable do contrato.

Sexto: Notificar os presentes acordos ao único licitador presentado e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, contra os mesmos, cabe a interposición de recurso potestativo especial en materia de contratación, previo á interposición do contencioso-administrativo, iso de conformidade co establecido no art. 44., apartados 1.a) e 2. c) da LCSP e cláusula 32.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato.

O recurso poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles (art. 50 LCSP e Disposición Adicional décimo quinta da Lei 9/2017 de contratos do sector público), a contar desde o día seguinte ao do aviso de posta ao dispor da notificación a través da plataforma Notifica.gal, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme ao establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da Lei 9/2017, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, <https://sede.cambre.es>

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, *"pola que se establecen os formularios normalizados que se van a empregar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público"* (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica **[https:// tacgal. xunta. gal procedementos_e.html](https://tacgal.xunta.gal/procedementos_e.html)**. En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e

actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, infórmaselles de que antes de interpoñer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso, poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adxudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

A tramitación das medidas provisionais substanciarase conforme co disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Sétimo: Notifíquese á responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de adxudicación do servizo de Asesoramento en materia de ciclo integral da auga a prol do licitador "PW Advisory & Capital Services, SL", no prezo total ofertado de 49.594,29 euros sen IVE, 60.009,10 euros IVE incluído. Expediente número 2020/C004/000028

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de febreiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C004/000028 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) do servizo de "Asesoramento en materia de ciclo integral da auga", cun orzamento base de licitación de 82.204,24 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que constan nas actas da Mesa de contratación de datas 6 e 25 de novembro de 2020, respecto da única entidade presentada no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación con data de 25 de novembro de 2020 e posteriormente ratificada pola Mesa de Contratación en sesión do 18 de xaneiro de 2021, a prol do licitador "PW Advisory & Capital Services, S.L.", no prezo ofertado de 49.594,29 euros sen IVE, 60.009,10 euros IVE incluído, logo de xustificar suficientemente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles para que presente a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público

pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo se deriva do informe emitido polo enxeñeiro de Camiños- xefe da Sección de Servizos con data do 28 de xaneiro de 2021.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 5 de febreiro de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 25/2021 FASE D emitido polo interventor municipal con data do 7 de febreiro actual .

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 29 de outubro de 2020 declarar válida a licitación, admitindo nela a “PW Advisory & Capital Services, S.L.” única entidade presentada no procedemento, por cumprir as condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 13 e 14.1 do Prego de cláusulas administrativas Particulares e ter aportado debidamente cuberta a declaración responsable segundo o modelo do Anexo II do mesmo.

Segundo: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación de data 6 de novembro de 2020 e de conformidade co informe emitido polo enxeñeiro de Camiños- xefe da Sección de Servizos con data de 5 de novembro de 2020, ratificado pola Mesa de Contratación, a seguinte puntuación correspondente aos criterios de valoración non avaliábeis mediante fórmulas que constan na cláusula 12.1 do prego de cláusulas administrativas particulares “Fase 1: Criterios sometidos a xuízos de valor”, así como a continuidade da empresa no proceso selectivo, por ter superada a puntuación mínima establecida para a Fase 1 na cláusula 12.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares :

Apartado	Puntuación Obtida por PW ADVISORY & CAPITAL SERVICES, S.L.
MEMORIA TÉCNICA ELABORACIÓN PREGOS PARA O CONTRATO PONTE DO SERVIZO DE XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DO AUGA: Ata 10 puntos.	8,00
MEMORIA TÉCNICA CONSTITUCIÓN EMPRESA PÚBLICA DO AUGA: ata 15 puntos.	11,80
MEMORIA TÉCNICA POSTA EN FUNCIONAMENTO EMPRESA PÚBLICA DO AUGA: Ata 15 puntos.	12,60
MEMORIA TÉCNICA ASESORAMENTO EN CUESTIÓNS DO CICLO INTEGRAL DO AUGA: Ata 5 puntos.	2,60
TOTAL (máximo 45 puntos)	35,00

Terceiro: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 25 de novembro de 2020, e de conformidade co informe emitido polo enxeñeiro de camiños municipal con data 13 de novembro de 2020, ratificado pola Mesa,

a seguinte puntuación correspondente aos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12.2 do prego de cláusulas administrativas particulares “Fase 2: Criterios de adxudicación de valoración automática ou mediante fórmulas”, así como o límite para a determinación das ofertas anormalmente baixas, que queda establecido naquelas inferiores ao presuposto base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais, (isto de conformidade co establecido na cláusula 16.3.2 do PCAP e art. 85.1 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas) :

Apartado	Puntuación Obtenida por PW ADVISORY & CAPITAL SERVICES, S.L.
Apartado 12.2.1. REDUCCIÓN PREZO GLOBAL DA OFERTA PRESENTADA (Puntuación máxima: 26 puntos).	26,00
Apartado 12.2.2. MAIOR CUALIFICACIÓN TÉCNICA PROFESIONAL (Puntuación máxima: 9 puntos).	9,00
Apartado 12.2.3. MAIOR EXPERIENCIA DO PERSONAL ADSCRITO AO SERVIZO NA EXECUCIÓN DE CONTRATOS SIMILARES (Puntuación máxima: 20 puntos).	20,00
TOTAL (máximo 55 puntos)	55,00

Cuarto: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo e cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas 6 e 25 de novembro de 2020, a seguinte puntuación global obtida pola única entidade presentada, tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares:

	Fase 1ª	Fase 2ª	TOTAL
PW Advisory & Capital Services, S.L.	35,00	55,00	90,00

Quinto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 18 de xaneiro de 2021, declarar que a empresa “PW Advisory & Capital Services, S.L.” (PWACS), que inicialmente se atopaba incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, xustificou suficientemente a súa oferta , tendo en conta que achegou a documentación suficiente de acordo co establecido na Cláusula 16.3.4 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aplicable ao contrato, e artigo 149.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, iso de conformidade co informe emitido polo Enxeñeiro de Camiños Municipal-Xefe da Sección de Servizos, con data do 22 de decembro de 2020, segundo o cal os prezos ofertados atópanse debidamente xustificadas debido á aplicación ao persoal da empresa do Convenio colectivo de Oficinas e Despachos de Madrid 2019-2021 (BOCM núm. 255, do 26 de outubro de 2019), aplicando ao seu persoal o mesmo razoamento e cálculos aplicados no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, así como pola aplicación dunha menor porcentaxe de gastos xerais e beneficio industrial.

Sexto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 25 de novembro de 2020, posteriormente ratificado pola Mesa de Contratación con data 18 de xaneiro de 2021, adxudicar o servizo de “Asesoramento en materia de ciclo integral do auga” (exp. 2020/C004/000028) en favor da entidade “PW Advisory & Capital Services, S.L.”, con NIF B868***** e enderezo en rúa Guzmán el Bueno 133, 28003 Madrid, no prezo ofertado de 49.594,29 euros sen IVE (60.009,10 euros IVE incluído), e cos compromisos recollidos nas memorias presentadas, así como nos criterios valorados de maior cualificación técnica profesional e maior experiencia do persoal adscrito ao servizo na execución de contratos similares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), por ser a única oferta presentada, cumprir cos criterios que constan nas cláusulas 13 e 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, e ter presentado no prazo outorgado a documentación requirida na

cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 150.2 da Lei 9/2017 de contratos do sector público , e unha vez xustificada suficientemente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse, ademais de no prezo ofertado, nas memorias técnicas presentadas, xunto coa maior cualificación técnica profesional e maior experiencia do persoal adscrito ao servizo na execución de contratos similares.

Sétimo: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Oitavo : De conformidade co establecido na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar antes da sinatura do contrato unha copia dun seguro de responsabilidade civil, coas coberturas e contías mínimas establecidas na citada cláusula, xunto con copia do recibo que confirme que se atopa ao corrente de pago de dita póliza.

De conformidade co establecido na cláusula 24.2.2. c) do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario ten a obriga de presentar, antes da formalización do contrato, unha declaración na que poña de manifesto onde van estar ubicados os servidores informáticos e dende onde se van a prestar os servizos asociados aos mesmos.

Noveno: De conformidade coa cláusula 19.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, désígnase como responsable do contrato ao enxeñeiro de Camiños- xefe da Sección de Servizos municipal, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Ademais, e con carácter previo ao comezo da execución do contrato ou prestación do servizo, o responsable do contrato deberá comprobar que o contratista acreditou que dispón dos medios persoais adscritos ao mesmo, e por tanto, figuran no expediente de contratación os contratos formalizados e demais documentos relacionados na cláusula 17.1.11, isto segundo o establecido na cláusula 19.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares.

A falta de presentación dalgún dos documentos esixidos na cláusula 17.1.11 dará lugar á resolución do contrato e incautación da garantía definitiva, isto segundo o establecido na cláusula 19.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares.

Décimo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 17.3 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.



O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo primeiro: Notifíquese ao responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia